



ADOS chama a comunidade universitaria a doar sangue

Buscan superar as 2.234 doazóns



[photo_camera](#) Un autobús da Axencia de Doazón de Sangue. (Foto: ADOS)



REDACCIÓN

15/ABR./24 - 17:05

A **Axencia de Doazón de Órganos e Sangue** (ADOS) desenvolverá no transcurso da terza e cuarta feiras os dous últimos días da segunda fase de [campanha de doazón](#) de sangue nas universidades galegas do curso académico 2023-24.



Nestas dúas últimas xornadas, denominadas “Campana Escoba”, as unidades móbiles de ADOS visitaran os distintos campus das universidades galegas para que a **comunidade universitaria** que aínda non doou sangue, pero teña a intención de facelo, poida participar.



A solidariedade galega enche as reservas de sangue: 38,4 doazóns por cada 1.000 habitantes

Esta segunda fase comezou o pasado 27 de febreiro e rematará o 17 de abril, tendo como obxectivo o fomento da doazón entre o estudiantado universitario, renovar a base de doantes e **superar as 2.234 doazóns recollidas na primeira fase** do presente curso académico.



ADOS fai así un chamamento á comunidade universitaria para que participe nestes dous últimos días da segunda fase da campaña universitaria de doazón de sangue. Para iso, lembra que as **unidades móbiles** da axencia desprazaranse nestes dous días aos campus das tres universidades públicas galegas.



Día do Transplante: case 14.500 doantes galegos de medula ósea fan parte dunha rede mundial

Así, na terza feira será posíbel doar na **Escola de Arquitectura Técnica** da Coruña e na **Facultade de Medicina** de Compostela. Na cuarta feira, as unidades móbiles da ADOS desprazaranse até as facultades de **Enfermaría e Podoloxía** de Ferrol, **Socioloxía** na Coruña, **Dereito** en Compostela e **Comercio** en Vigo, ademais de ás escolas de **Forestais** de

Pontevedra e **Enxeñaría Industrial** de Vigo. Visitarán tamén a **Biblioteca Intercentros** de Lugo e o **Edificio Facultades** de Ourense.



A axencia recorda, ademais, a importancia que ten o desenvolvemento das campañas de doazón no eido educativo, tanto en centros de ensino non universitarios como universitarios xa que, para moitos mozas e mozas “é o **primeiro contacto** que teñen co xeneroso xesto da doazón de sangue”.

